



MEMORIA 2017

NUNCA ESTARÁS SOLA
REDMADRE
asociación pontevedra

RESUMEN ACTIVIDADES 2017

CONTIDO

- 1 REDMADRE: UNHA RED NACIONAL DE APOIO Á MULLER EMBARAZADA
- 2 PROXECTO NAIS E FILL@S E ANXELA
- 3 PERFIL DAS USUARIAS ATENDIDAS NO 2017
- 4 OUTRAS ACTIVIDADES
- 5 ENTIDADES COLABORADORAS
- 6 MEMORIA ECONÓMICA

1 REDMADRE: UNHA RED NACIONAL DE APOIO Á MULLER EMBARAZADA

REDMADRE Pontevedra é unha das 42 asociacións españolas que actualmente colaboran coa Fundación REDMADRE, para desenvolver programas de apoio a mulleres xestantes e nais recentes, no ámbito territorial da provincia de Pontevedra. Con carácter xeral, a Fundación REDMADRE pretende crear unha rede nacional de apoio psicosocial integral para mulleres embarazadas en situación de exclusión ou desvantaxe social.

1.1 A Asociación REDMADRE Pontevedra

É unha asociación de iniciativa social sen ánimo de lucro, de ámbito provincial, aconfesional e apolítica, constituída en Vigo en Xaneiro do 2008. Está inscrita no Rexistro de Asociacións de Galicia co nº 2008/011236-1 PO, e no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Xunta de Galicia co nº 5127. No 2010 recibiu a mención de **Utilidade Pública**.

A Asociación é xestionada e representada por unha Xunta Directiva formada por: unha Presidenta, Carmen Areses, unha Vicepresidenta, Carmen Moares, unha Secretaria, Ana López, un Tesoureiro, Ricardo Cuenca e dos vogais. Son designados e revogados pola Asemblea Xeral e o seu mandato ten unha duración de catro anos.

O equipo técnico da asociación está formado por una traballadora social e dúas psicólogas. A asociación tamén conta con voluntarios/as profesionais, voluntarios de acompañamento a nais e de xestión de enseres e recursos materiais.

Os recursos económicos da Asociación proceden das cotas das/os socia/os, donativos de doantes particulares, e as subvencións e doazóns públicas e privadas que poida recibir no curso da súa actividade.

1.2 Obxecto social

A Asociación REDMADRE Pontevedra ten como obxectivo principal apoiar na súa maternidade a mulleres embarazadas e as nais de fillas/os até 3 anos en situacións de dificultade, promovendo os seus dereitos e igualdade de oportunidades, e a súa autonomía.

Os **fins de interesa xeral** da Asociación, segundo os seus Estatutos son:

1. Promover-la concesión de axudas e sistemas de asistencia gratuítos á muller embarazada, tanto no sector público como no privado.
2. Asesorar ás mulleres sobre coma superar calquera conflito xurdido ou causado por o seu embarazo, e informa-la sobre os apoios e axudas, tanto

de orixe pública como privada, que poida recibir para facilitar-la súa maternidade.

3. Asistir e apoiar a toda muller embarazada na súa maternidade.
4. O desenrolo de programas de educación afectivo-sexual, coa finalidade de reduci-lo número de embarazos imprevistos.
5. Apoio psicolóxico a toda muller que o precise no duelo xestacional e perinatal.
6. O coidado e acollida da infancia máis desfavorecida.
7. A asistencia ás persoas máis desfavorecidas, con especial atención á poboación inmigrante.
8. Promove-la conciliación do ámbito familiar coa vida profesional e a participación social e política, de xeito que se alcance unha verdadeira igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres.

Os **obxectivos específicos** de REDMADRE Pontevedra son:

1. Apoiar a toda muller para que poida superar as dificultades xurdidas ou causadas por a súa maternidade (falla de apoio familiar, falla de recursos, perda de emprego ou estudos, abandono ...), con medios como: mediación familiar, atención psicolóxica e emocional, acompañamento antes e despois do parto, asesoramento legal, derivación a residencias e fogares de acollida, formación, atención pediátrica, apoio na busca de emprego e nos trámites administrativos, etc.
2. Sensibilizar e difundir ante a opinión pública a necesidade de apoiar ás mulleres embarazadas e ás nais, as cales ademais están dobremente penalizadas laboralmente, por ser mulleres e por seren nais.
3. Cubrir-las necesidades básicas das mulleres e os seus fillos/as, até os 3 anos.
4. Prestar especial atención ás mulleres emigrantes, novas, vítimas da violencia ou da trata, con discapacidade o que esperan fillas/os con algunha, toxicómanas e con problemas de saúde mental. No caso das estudantes, procurar tódolos medios para compatibiliza-la maternidade co bo fin dos seus estudos.
5. Crear unha rede de voluntariado que atenda persoalmente ás/os usuarias/os.
6. Colaborar e coordinar o apoio ás nais coas Asociacións e Entidades locais públicas e privadas que ofrecen recursos específicos (servizos sociais dos Concellos e dos centros de saúde, Banco de Alimentos, Cruz Roja, Hogar Santa Isabel, Faraxa, APES, Érguete, Aldeas Infantiles,...), etc.

1.3 Beneficiarias/os dos servizos da Asociación

- a. Toda muller embarazada ou nai con fillos/as menores de 3 anos que precisen información, orientación ou apoio na súa maternidade, e até os 3 primeiros anos de vida da/o súa/seu filla/o. Residentes na provincia de Pontevedra ou en zonas limítrofes das outras tres provincias galegas, por acordos coas asociacións REDMADRE de A Coruña e Ourense.
- b. Os seus fillas/os pequenos.

1.4 Socios/as

A asociación conta con 66 socios, aproximadamente o 90% deles son mulleres.

1.5 Recursos humanas e materiais da Asociación

Recursos humanos:

- 1 traballadora social con contrato indefinido e 9 anos de antigüidade.
- 2 psicólogas con contrato indefinido e 8 e 3 anos de antigüidade.
- 6 voluntarios profesionais (pediatra, avogados, psicóloga, xinecólogo, psiquiatra). Se ben á súa participación sempre é puntual e restrinxida ao seu ámbito de traballo, o grado de resposta e implicación é excelente.
- 15 voluntarios: de acompañamento a xestantes; colaboradores na recollida, xestión e reparto de enseres e alimentos ás usuarias; colaboradores nos eventos da asociación. Os voluntarios son imprescindibles para poder atender ó número de usuarias que solicitan o noso apoio. O seu grado de resposta e implicación é excelente.

Recursos materiais:

- **Centro REDMADRE de Vigo** de 42 m², na rúa Gran Vía 2, 1º ofi. 8 de Vigo, en aluguer (en marzo do 2018 será trasladado a rúa Alexandre Bóveda 10, Baixo F, de Vigo). Centro acreditado para psicoloxía sanitaria có nº de Rex. Sanitario C-36-002453. Atende o 70% das usuarias residentes na provincia.
- **Centro REDMADRE de Pontevedra**, de 25 m², na rúa Michelena 1, 4ºK de Pontevedra.
- Mobiliario e equipos informáticos con conexión a internet.
- Teléfono e RRSS, en coordinación coa Fundación REDMADRE.

En xaneiro do 2018 cumprimos **10 anos de actividade** dirixida á atención psicosocial de mulleres xestantes e lactantes en situacións de especial vulnerabilidade e que se materializou ate agora na atención de máis **de 1.300 mulleres na provincia de Pontevedra, aos seus fillos/as e a outros membros das súas familias (en total máis de 3500 persoas)**



Embarazada?
Benvinda ó PROXECTO NAIS E FILL@S 2017!

REDMADRE
asociación pontevedra

Obxectivo
Prestar atención integral a mulleres xestantes e lactantes en circunstancias de vulnerabilidade, ate acadar a autonomía e co fin de garantir a súa igualdade real de oportunidades.

Actuacións

- a) Orientación e información sobre recursos singularizados de atención e asesoramento persoal e social. Apoio directo nas relacións con outras entidades que faciliten o proceso de integración social.
- b) Atención psicolóxica (nº rex. san. C-36-002453).
- c) Asesoramento xurídico.
- d) Mediación familiar.
- e) Actividades para a adquisición de habilidades persoais e sociais básicas ou de competencias para a mellora da empregabilidade.
- f) Apoio e orientación laboral para a mellora da empregabilidade, e acompañamento na busca de emprego, intermediación e titorización laboral.

C&A Foundation

Unión Europea
Fondo Social Europeo
"Emprego, Inclusión e Innovación"

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Secretaría Xeral da Igualdade

2 PROXECTOS NAIS E FILL@S/MOMS & KIDS E ANXELA

2.1 Introducción

Desde o ano 2008 a asociación leva desenvolvendo o **proxecto Nais e Fill@s** (anteriormente tivo outras denominacións, como Nais). Este proxecto se dirixe a mulleres xestantes e nais recentes en situacións de risco social e especial vulnerabilidade, e ós seus fillos/as menores de 3 anos, para proporcionar as medidas de apoio psicosocial que precisan: cobertura de necesidades básicas (saúde, derivación a centros de acollida, en caso de abandono); apoio profesional (legal, psicolóxico, de orientación laboral, procura de emprego, mediación familiar, formación, etc.); apoio emocional e acompañamento durante o embarazo e a lactancia.

Neste proxecto colaboraron no 2017 a Secretaría Xeral da Igualdade da Xunta de Galicia e a Fundación C&A, coa denominación en inglés de **Moms&Kids**.

A partires de 2016, a asociación comezou a desenvolver o proxecto **Anxela** (inicialmente integrado como parte do proxecto Nais e Fill@s), de axuda de emerxencia as familias, para cubrir as súas necesidades básicas de alimentación, hixiene, roupa e enceres de bebé. Neste proxecto colaboraron no 2017 as Fundacións: C&A, Filomena Rivero, SEUR e a Fundación REDMADRE.

Neste ano, o proxecto Marina, de apoio psicolóxico especializado a mulleres con necesidades especiais, se desenvolveu como unha das actividades do proxecto Nais e Fill@s.

2.2 Resumo Accións do Proxecto Nais e Fill@s/Moms&Kids

- a) Orientación e información sobre os recursos dispoñibles, de acordo a súa situación e lugar de residencia, e seguimento.
- b) Atención bio-psico-social antes, durante e tra-lo embarazo e lactancia. Inclúe atención psicolóxica (nº Rex. San. C-36-002453).
- c) Asesoramento legal, laboral e administrativo. Mediación familiar.
- d) Apoio ás nais xestantes e lactantes na adquisición de habilidades sociais, no coidado do bebé, etc.
- e) Apoio ás nais na formación e a (re)integración social e laboral.

2.3 Resumo Accións do Proxecto Anxela

- a) Avaliación da situación inicial da familia, definición das necesidades materiais reais (enseres de bebé, alimentación, roupa, cueiros ou outros) e definición do fin do programa (acceso ó Proxecto Nais, colaboración con outra Asociación ou axuda temporal de emerxencia).

b) Elaboración dun programa temporizado de entregas de produtos.

c) Realización das entregas programadas e medición da evolución da situación da usuaria con respecto ao medido inicialmente.

Nesta etapa colabora tamén o **persoal voluntario da asociación**: preparando os produtos a entregar a cada familia, elaborando canastillas de bebé e entregándoas a nai no hospital cando nace o fillo/as, procedendo a recoller os produtos doados polo Banco de Alimentos, empresas e particulares, en particular, os aveños de bebé, etc.

d) Saída do proxecto ou prórroga revisable, até 6 meses.



2.4 Fases da atención Nais e Fill@s

Fase uno. Acollemento

As usuarias proceden dos sistemas de detección e acceso seguintes:

- Derivación de servizos sociais e/ou sanitarios.
- Institucións de iniciativa social.
- Por contacto directo (telefónico, correo electrónico ou páxina WEB).
- Difusión a través de medios de comunicación.

Neste primeiro contacto, a coordinadora recibe á nova usuaria no centro REDMADRE de Vigo ou Pontevedra, onde cumprimenta a ficha social e pedírselle a documentación precisa, segundo o caso. A tódalas usuarias pídeselles unha documentación que deberán entregar.

Fase dous. Reconstrución da demanda

Unha vez cumprimentada a ficha social, valórase a demanda explícita e implícita, para a posterior confección dun plan de traballo personalizado e integral (PSP).

As usuarias clasifícanse en dous grados de atención: grado un para as usuarias que necesitan acompañamento, grado dous para aquelas que non precisan acompañamento pero sí un seguimento mensual para supervisar que van cumprindo os obxectivos marcados.

Fase tres. Explicación da metodoloxía de traballo

Levarase a cabo mediante a exposición das condicións fundamentais e formas de traballo da asociación. Estas normas fundamentais son:

- En REDMADRE case todos somos voluntarios/as e os nosos recursos son limitados, polo que temos que ser coidadosos no seu uso: enseres, roupa, etc. O tempo é tamén un recurso escaso, polo que cumpre respetar-los horarios e datas de entrevista, avisando con antelación se non se pode asistir.
- No PSP o compromiso é polas dúas partes: a asociación comprométese cunhas accións de apoio, e a usuaria comprométese á asistencia as actividades de formación, procura de emprego, entrevistas, etc. que detalle o seu PSP.

Fase catro. Realización do plan de traballo

Dacordo coa documentación recibida e os resultados da entrevista, a coordinadora elaborará o proxecto persoal ou plan de traballo (PSP), que detallará as medidas e prazos de seguimento.

Fase cinco. Visita domiciliaria

A coordinadora realizará, sempre que poida, unha visita domiciliaria para comproba-la situación da usuaria e realizar un informe social.

Fase seis. Seguimento e supervisión

Coordinadora e usuaria establecen de común acordo as reunións de revisión de obxectivos, que quedan reflectidas no historial da usuaria.

Nos casos no que sexa considerado necesario pola coordinadora, asignaráselles unha persoa voluntaria para o apoio emocional e puntual en actividades.

Fase sete. Fin da relación e desvinculación

Ao termino do PSP, cando se cumpran os obxectivos marcados, ou a/o filla/o cumpra 3 anos, terminará a relación entre as partes, a no ser que concorran circunstancias especiais. A coordinadora fará unha entrevista de desvinculación, que aportará retroalimentación para la mellora dos procedementos de traballo da asociación.

3 PERFIL DAS USUARIAS ATENDIDAS NO 2017

Dende xaneiro e ate decembro do ano 2017, a Asociación REDMADRE Pontevedra proporcionou información a 218 mulleres xestantes ou nais recentes, das cales 164 se integraron nalgún dos programas da asociación. Tivo inscritas no Proxecto **Nais e Fill@s a 123 mulleres** e no Proxecto **Anxela a 111 familias**. Ademais, atendéronse ben de forma directa ou indirecta a 259 fillos/fillas, e a outros membros da unidade familiar (80 persoas). E dicir, en total en este proxecto atendéronse 498 persoas no 2017.

Nas estatísticas que se axuntan queda reflectida o perfil das mulleres atendidas no 2017: o **32% das mulleres eran xestantes cando nos contactaron e as demais nais recentes**. O 46% inmigrantes e o 54% españolas. O 24% menores de 25 anos. O **88% estaban sen emprego**. A maioría presentaba unha grave precariedade económica e un 10% non contaban con ningún tipo de apoio, nin familiar nin da parella. O 71% recibiu axuda de emerxencia no programa Anxela, un 31% recibiu apoio emocional ou psicolóxico, o 2% solicitou mediación familiar. **O 38% nos foron derivadas de outras entidades (servizos sociais, ONXs).**

Total de persoas integradas nos Programas: dende 1 de Xaneiro a 31 de Decembro de 2017:

Mulleres:	164
Homes:	60
Nen@s:	255 nen@s: 130 nen@s menores de 3 anos. 125 nen@s maiores de 3 anos.
Outros familiares:	18
TOTAL:	497 persoas.

Mulleres integradas nos Programas:	Mulleres	%
Programa Nais e Fill@s/ MoMs&Kids:	123	75%
Participaron no Programa ANXELA:	117	71%

Mulleres

IDADE:	<25 anos	25-54 anos	>54 anos
	39	125	0
%	24%	76%	0%

NACIONALIDADE:	España	Europa	África	Asia	Latinoamérica
	89	15	28	0	32
%	54%	9%	17%	0%	20%

CONCELLO DE RESIDENCIA:	Vigo	Pontevedra	Marín	Redondela	Poio	Outros*
	88	44	7	7	3	15
%	54%	27%	4%	4%	2%	9%

Outros*: Gondomar, Nigrán, Tui; Cangas, Moaña, Mondariz, Caldas de Reis, Vilaboa, Baiona

FORMA DE CONTACTO:	Boca a boca	Atendida anteriormente	RRSS	Derivadas de outras entidades*
	85	11	5	63
%	52%	7%	3%	38%

Derivadas de outras entidades*: Servizos Sociais: municipais, Hospital Álvaro Cunqueiro, Hospital Provincial de Pontevedra, Centros de Saúde, Centro Penitenciario; Equipos de Intervención Familiar do Concello, CIMs, Cruz Vermella Vigo e Pontevedra, Cáritas, AYUVI, Teranga, AGAVIH, Casa de Acollida Fogar Santa Isabel, Fundación REDMADRE, ...

DAS MULLERES **Embarazada sen fillos/as** **Embarazada con fillos/as**

XESTANTES:

	30	22
%	18%	14%

- **TOTAL DE NAIS RECENTES:** 112 (68%)

APOIOS: **Con apoio familiar** **Sen apoio familiar** **Con apoio da parella** **Sen apoio da parella** **Sen apoio da familia nin da parella**

	104	60	114	50	16
%	63%	37%	70%	30%	10%

SITUACIÓN LABORAL: **Desempregada** **Desempregada de longa duración** **Inactiva, integrada nos sistemas de educación** **Inactivas, non integradas nos sistemas de educación** **Con emprego, incluídos os traballadores por conta propia**

	40	24	24	58	18
%	24%	15%	15%	35%	11%

FORMACIÓN: **Con estudos de ensino primario ou secundario** **Co segundo ciclo de ensino ou con ensino postsecundario** **Con ensino superior ou terciario** **Sen estudos regradados terminados**

	125	24	15	0
%	76%	15%	9%	0%

SITUACIÓN PERSOAL:	Vive nun fogar sen emprego	Ten fillos ao seu cargo	Vive nun fogar composto dun único adulto (con/sen fillos ao seu cargo)	E muller pertencente ós colectivos máis vulnerables
	122	130	43	158
%	74%	79%	26%	96%

Grupo Desfavorecido:	De orixe estranxeiro ou inmigrante	Minorías étnicas	Con Necesidades Especiais	Outras persoas desfavorecidas	Sen fogar
	78	23	7	60	0
%	48%	14%	4%	37%	0%

ACCións:	Orientación e asesoramento persoal e social.	Actividades para adquisición de habilidades persoais e sociais.	Apoio e orientación laboral
	164	61	61
%	100%	37%	37%

APOIO:	ANXELA	Atención emocional e/ou psicolóxica	Asistencia médica	Apoio legal	Mediación familiar
	117	51	1	6	3
%	71%	31%	1%	4%	2%

ANXELA:	Enseres entregados a	Cueiros	Leite maternizada	Alimentos infantís entregados a	Leite fresca	Roupa nen@s entregados a
	70 nais	564 paquetes	788 botes	24 nais/mes, de media	1636 litros	12 nais/mes, de media

4 OUTRAS ACTIVIDADES

A maioría no marco dos programas da asociación.

- **Impartición de charlas e talleres ás beneficiarias:**

De temática diversa: sobre axudas públicas que poden solicitar (trámites, prazos...), xogos e dinámicas encamiñadas ó coñecemento persoal e interpersonal e descubrimento dos valores propios; a importancia da autoestima e a autoimaxen para o desenvolvemento das súas habilidades persoais e profesionais; O coidado do bebé: alimentación, hixiene e sono; entre outros.



- O Centro REDMADRE de Vigo acolleu dúas edicións do **taller de saúde bucodental**. Dirixido a mulleres embarazadas e en período de lactancia, estas sesións formativas foron impartidas por alumnas do 2º curso de Hixiene Bucodental do colexio Fillas de María Inmaculada de Vigo, como parte dun plan de educación e prevención da saúde oral. Este taller foi unha das novidades de noso programa “Salud y Embarazo” para este ano.
- Recollida, xestión e reparto de enseres de bebé, roupa e alimentos as usuarias por parte dos voluntarios/as.

The screenshot shows the website 'FARO DE VIGO' with a navigation menu. The main content area features a headline 'Muestras gratis para bebé' with a sub-headline 'Todo para tu bebé Madre Activa. Salud, Ropa y Alimentación. Descúbrelo ahora'. Below this is a news article titled 'Recogida de productos infantiles de primera necesidad en Redondela' with a sub-headline 'Los interesados en colaborar pueden aportar pañales, toallitas, leches de iniciación y continuación y potitos.' The article text mentions that the Fundación Filomena Rivero Alonso has organized a collection campaign for baby products of first necessity in Redondela, and that interested parties can contribute items like diapers, wipes, and baby food. The article is dated 15.12.2017 | 12:42. To the right of the article is an advertisement for 'LA GAMA HÍBRIDA GNC MÁS COMPLETA DEL MERCADO' with the text 'Y APROVECHATE AHORA DE LOS DESCUENTOS' and the 'movalt' logo.

- Realización de campañas dirigidas á cidadanía para a doazón de produtos para os nenos/as das nosas nais. A **Fundación Filomena Rivero** organizou en Redondela nas festas do Nadal 2017-18 unha Campaña de doazón de produtos para o bebé en beneficio de REDMADRE.
- Visita a nais nos hospitais con motivo da súa maternidade, por parte das voluntarias. Preparación e entrega de 40 canastillas de bebé.
- Reunións mensuais de coordinación de voluntarios/as.
- Reunións mensuais de coordinación con outras entidades locais colaboradoras.
- Reunións trimestrais de coordinación con outras asociacións REDMADRE galegas.
- Formación continua de los técnicos da asociación integrados en el programa.



Reunións trimestrais de coordinación e formación dos técnicos das asociacións REDMADRE de Galicia.

Voluntarias traballando na xestión e reparto de produtos doados en Vigo.





4.1 Accions de difusión e outras.

- Se impartiron varias charlas de sensibilización en centros educativos de secundaria da provincia.
- Aparicións nos medios de comunicación: Faro de Vigo (edicións de Vigo e Pontevedra), Atlántico Diario, Cadena Cope.
- Difusión de eventos e noticias nas redes sociais: www.redmadre.es/galicia e facebook: @megustaredmadre.
- Reunión da Asemblea Xeral da Asociación o 29 de xuño.
- Celebración da **VII Cea Solidaria REDMADRE** na provincia de Pontevedra, en A Casona da Torre (carreiteira Vigo-Redondela). Tivo lugar o 21 de abril e asistiron cerca de 200 persoas. Contamos coa presenza da directora xeral e o presidente da Fundación REDMADRE en España, Amaya Azcona e Antonio Torres, respectivamente, así como a Secretaria Xeral da Igualdade da Xunta de Galicia, Susana López Abella, o delegado territorial da Xunta de Galicia en Vigo, Ignacio López-Chaves, e o Alcalde de Redondela, Javier Bas, entre outras personalidades.

Atlántico Diario
Vida

30/04/2017

Tirada: **4.022** Categoría: **Galicia**
 Difusión: **3.006** Edición: **Vida**
 Audiencia: **9.018** Página: **8**

AREA Grande A6L8
OCCUPACIÓN: 76,1%
V.PUR: 1,679 2
RED MADRE

Solidaridad

VII CENA DE LA FUNDACIÓN REDMADRE EN REDONDELA

La Casa de Torre en Redondela acogió la VII Cena Solidaria RedMadre con el objetivo de obtener recursos para atender las necesidades de mujeres embarazadas y madres jóvenes en riesgo de exclusión social o en situaciones de especial vulnerabilidad de la provincia de Pontevedra. En 2016, RedMadre atendió en la provincia de Pontevedra a 2029 mujeres embarazadas y madres recién llegadas, y a sus hijos/as. A la cena asistió la directora general de la Fundación en España, Anaiza Azcona, así como el delegado de la Norte en Vigo y numerosas otras socias de la sociedad del sur de Galicia.



Alfredo, Mercedes, Rosa, Patricia, Zema, Arantza, Marián, Chendia, W Carreras, Alvaro y W Carreras



Arturo, María, Carmen, Araya, José, Teresa, Javier, Es, Abel de Redondela y @Sociedad Sur



Jose, Andrea, José Manuel, L. J. Silvia, Kdo, Luz, J. M., Mari y Rosa



Paul, Emilio, Arantza, Alberto, Enrique, José, Teresa, Patricia y Pedro



Willy, Pedro, P. E., Carmen, Sagardo, Luis, Ramón, Tere y Paulina



Pili, Rosa, L. E., Ana K, Verónica, Adela, Fernando, M. P. B., Amalio, Sonia, Daniel, Paula y W Carreras



T. G., Rocío, Carmen, Aurora, Mercedes, M. P. B., M. C. B., L. E., Ingrid y Espares

Asociación REDMADRE Pontevedra | ✉ pontevedra@redmadre.es | ☎ 659 772 373 |

REDMADRE Pontevedra é una entidade de iniciativa social (CIF- G27707686) de Utilidade Pública, e está inscrita no Rexistro de Entidades prestadoras de servizos sociais co número 5127.

5 ENTIDADES COLABORADORAS

Co fin de cumprir os nosos obxectivos, a Asociación REDMADRE Pontevedra mantén relacións de colaboración continua coas institucións públicas, con Fundacións e entidades privadas, e conta co xeneroso apoio dos socios/as e doantes, particulares e empresas.

Cada un deles colabora de xeito diverso coa Asociación facendo posible que xuntos, podamos levar adiante os nosos programas e labor social. O noso agradecemento a todas elas.

ENTIDADES PÚBLICAS E SOCIAIS

Durante o 2017, as entidades públicas e privadas colaboradoras foron:

- A Secretaría Xeral da Igualdade e a Consellería de Política Social, da Xunta de Galicia.
- O Fondo Social Europeo.
- A Fundación C&A.
- A Fundación Filomena Rivero e a Fundación SEUR.

E as entidades de iniciativa social foron:

- Banco de Alimentos de Vigo e de Pontevedra.
- AYUVI, Vigo.
- Cruz Roja de Vigo e Pontevedra.
- Cáritas de Vigo, Pontevedra, Redondela e Poio.
- Hogar Santa Isabel, VIGO.
- Fundación REDMADRE.
- Faraxa, APES, MADRO, Vida Digna, Dignidad Galicia, Érguete, entre outras.

6. MEMORIA ECONÓMICA

Cuenta de Pérdidas y Ganancias

Empresa	01440 - ASOCIACION RED MADRE PONTEVEDRA		Página	1
Observaciones	Fecha listado	Periodo	26/02/2018 De Enero a Diciembre	
2017				
A) OPERACIONES CONTINUADAS				
1. Importe neto de la cifra de negocios			12.612,65	
a) Ventas			12.612,65	
70000000	INGRESOS CUOTAS		4.738,65	
70000001	CENA BENEFICA		5.284,00	
70000003	LOTERIA NAVIDAD			
70000004	LOTERIA		2.590,00	
4. Aprovisionamientos			-2.097,10	
a) Consumo de mercaderías			-2.097,10	
60000000	COMPRAS DE MERCADERÍAS		-2.100,00	
60800000	DEVOLUCIONES DE COMPRAS DE MER		2,90	
5. Otros ingresos de explotación			37.879,06	
b) Subvenciones de explotación incorp. al res			37.879,06	
74000000	SUBV.,DONA. Y LEGADOS EXPLOTA.		37.574,06	
74000001	DONACIONES PRIVADAS		305,00	
74000002	DONATIVOS LOTERIA			
6. Gastos de personal			-37.878,60	
a) Sueldos, salarios y auxiliares			-28.794,12	
64000000	SUELDOS Y SALARIOS		-28.794,12	
b) Cargas sociales			-9.084,48	
64200000	SEGURIDAD SOCIAL A CARGO DE LA		-9.084,48	
7. Otros gastos de explotación			-24.231,44	
a) Servicios exteriores			-23.901,14	
62100000	ARRENDAMIENTOS Y CÁNONES		-4.501,20	
62100001	ALQUILER PONTEVEDRA		-2.836,68	
62300000	SERVICIOS PROFESIONALES INDEP.			
62400000	TRANSPORTES		-97,28	
62500000	PRIMAS DE SEGUROS		-624,70	
62600000	SERVICIOS BANCARIOS Y SIMILARE		-138,00	
62700000	PUBLICID., PROPAGANDA Y RR.PP.			
62800000	SUMINISTROS		-530,28	
62900000	OTROS SERVICIOS		-175,22	
62900001	AYUDA DE URGENCIA			
62900005	CONVENIO R. MADRE OURENSE SUBV			
62900006	OTROS GASTOS NO DEDUCIBLES			
62900007	GASTOS LOCOMOCION		-186,58	
62900008	LOTERIA		-697,20	

Cuenta de Pérdidas y Ganancias

Empresa	01440 - ASOCIACION RED MADRE PONTEVEDRA	Página	2
Observaciones		Fecha listado	26/02/2018
		Periodo	De Enero a Diciembre
2017			
62900009	CONVENIO RED MADRE PONTEVEDRA	-1.185,36	
62910000	GASTOS DE VIAJE		
62920000	COMUNICACIONES	-1.337,12	
62930000	SERVICIOS AUXILIARES	-701,80	
62940000	GASTOS CENA BENEFICA	-2.495,95	
62950000	GASTOS FARMACIA		
62960000	OTROS GASTOS	-519,09	
62970000	GTOS SUPERMERCADO/ALIMENTACIO	-7.668,02	
62980000	MATERIAL OFICINA	-6,66	
b) Tributos		-330,30	
63100000	OTROS TRIBUTOS	-330,30	
13. Otros Resultados		364,23	
67800000	GASTOS EXCEPCIONALES	364,23	
A.1) RESULTADOS DE EXPLOTACIÓN		-13.351,20	
15. Gastos financieros		-91,73	
b) Por deudas con terceros		-91,73	
66900000	OTROS GASTOS FINANCIEROS	-91,73	
66910000	OTROS GASTOS FINANCIEROS		
A.2) RESULTADO FINANCIERO		-91,73	
A.3) RESULTADO ANTES DE IMPUESTOS		-13.442,93	
A.4) RESUL. DEL EJERC. PROC. DE OPERAC. CONTIN.		-13.442,93	
B) OPERACIONES INTERRUMPIDAS			
A.5) RESULTADO DEL EJERCICIO		-13.442,93	

FARO DE VIGO
DOMINGO, 19 DE NOVIEMBRE DE 2017

PONTEVEDRA #3

Lucha contra la lacra sexista

Una ONG que ha ayudado a 400 madres

La asociación Red Madre ofrece desde 2010 asistencia material y psicológica a mujeres de la comarca en situación de vulnerabilidad, muchas de ellas víctimas del machismo

ANA LÓPEZ ■ Pontevedra

El centro Red Madre en Pontevedra ha atendido en el municipio desde su creación, en el año 2010, a cerca de 400 mujeres embarazadas o madres recientes y a sus hijos. Solo el año pasado fue medio centenar. En el conjunto de la provincia, las cifras se elevan hasta las 1.200 desde su implantación, en el año 2008, en Vigo. Un número importante de ellas son víctimas de violencia machista, bien sea por maltrato físico o psicológico, bien sea porque sus parejas las abandonaron cuando concibieron sus embarazos desentendiéndose de la situación.

Velar por que a estas madres y a sus bebés no les falte de nada es el objetivo de la red solidaria y altruista, que trabaja en toda España. En Galicia, cuenta con el respaldo de la Xunta, la Unión Europea y la colaboración de la Obra Social La Caixa y la Fundación C&A y lleva trabajando en la provincia casi una década, con su primer punto de atención en la ciudad olívica. La demanda en la comarca de Pontevedra y en la capital propició la creación de una oficina en pleno centro, en el número 1 de la calle Michelena. Cuenta en la ciudad con una trabajadora social y una psicóloga, así como numerosos voluntarios, la mayoría mujeres. También se ofrecen los servicios de médicos, ginecólogos, pediatras y abogados.

En sus oficinas se puede conseguir desde el material básico para un bebé, como pañales, ropa, comida o carritos, hasta ayuda psicológica para las mujeres en situación de más riesgo. Además, se les acompaña durante el periodo de gestación y hasta que tienen autonomía. Esto incluye el asesoramiento en materia de empleo, con ayuda en la ela-



María del Carmen Laya, Consoli Martín, Carmela Calvar y Mónica Fernández. // Rala Vázquez

boración del currículum vitae y la búsqueda de puestos de trabajo ajustado al perfil de la usuaria. También se les deriva a talleres y cursos de formación.

Pero Red Madre no trabaja sola, ya que colabora estrechamente con otras asociaciones como el Banco de Alimentos de Pontevedra o Cruz Roja. Asimismo, muchas de sus usuarias llegan hasta el colectivo a través de los servicios sociales del Concello de Pontevedra y otros de la comarca, explican Mónica Fernández, portavoz de Red Madre en la provincia, y Consoli Martín, trabajadora social.

"La forma de llegar varía mucho. Como yo llevamos unos cuantos años, nos van conociendo en mu-

Un 30% llega hasta el colectivo desde los servicios sociales municipales y ONG

chos sitios. Muchas de las madres vienen por el boca a boca. Pero otras, un 30 por ciento, lo hacen derivadas por el Concello u otras asociaciones como Cáritas, Cruz Roja o el Banco de Alimentos. También muchas nos contactan a través de la página web", explica Consoli Martín.

Además de la necesidad de asistencia, las mujeres que acuden has-

ta Red Madre tienen en común que manifiestan una clara vergüenza por tener que pedir ayuda. "Sobre todo aquellas que, por motivo de la crisis, han pasado de estar en una situación socioeconómica estable, media, a tener que llamar a muchas puertas", se lamenta la trabajadora social. "Siempre les comunicamos que nadie estamos libres de tener que pedir ayuda en un determinado momento de nuestras vidas. Las intentamos tranquilizar y relajar en ese sentido".

"Cada una es un mundo. Las más solas suelen ser mujeres inmigrantes que no tienen a nadie aquí. También hay mujeres maltratadas que vienen hasta aquí por la ayuda emocional. Cuando trabajas con ellas

descubre muchas problemáticas familiares detrás", añade.

"Nuestro lema es 'Nunca estarás sola porque no queremos que ninguna mujer en su maternidad sienta que no tiene apoyo. Que sepa que si su familia no le puede apoyar, por lo menos hay asociaciones como la nuestra para facilitarles esta etapa tan complicada de sus vidas', señala, por su parte, Mónica Fernández.

"Nuestro objetivo es que la mujer llegue a ser autónoma a todos los niveles, también económica-mente. Sigue habiendo mucha incompreensión en la sociedad por la decisión de una mujer a ser madre", concluye resumiendo la filosofía del colectivo.



La programación previa del Concello de Pontevedra y la Diputación provincial "Nos, femenino plural", con motivo de la celebración el próximo 25 de noviembre del Día Internacional por la eliminación de la Violencia hacia la Mujer, contó ayer con una serie de actividades destinadas a concienciar sobre esta lacra social. En la primera planta de la Plaza de Abastos tuvo lugar "A mulher artista e o Património Cultural en Pontevedra", en la que

Arte y teatro para denunciar a través del programa "Nos, femenino plural"

se mostraron las propuestas de las participantes. En la actividad, paralelamente, tomaron parte los niños en el área del ganapán. La programación de "Nos, femenino plural"



Rala Vázquez

continuará hoy con una maratón teatral a cargo del aula de teatro del Centro de Información a Muller del Concello. La pieza, "Fin de mes", se representará a las 12 en el Teatro Principal. A las 20.30 horas será el turno de "Puedes llorar los viernes", de Vicky Estévez.





O NOSO AGRADECIMENTO A TODAS AS PERSOAS E
INSTITUCIONS QUE APOIAN A NOSA LABOR SOCIAL

En Vigo, a 28 de Marzo de 2018

Carmen Areses
Presidenta de REDMADRE Pontevedra

Comunicación

Datos de contacto

Tel. REDMADRE Pontevedra: 659 772 373 / 986 192 432

Correo-e: pontevedra@redmadre.es

Web: redmadre.es/galicia

Facebook: [@megustaredmadre](https://www.facebook.com/megustaredmadre)

Twitter: [@RedMadreFunda](https://twitter.com/RedMadreFunda)